

ACTA NÚM. 3/2021.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE ABRIL DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de abril de 2021, reuníronse por vía telemática por mor do covid-19, en primeira convocatoria, os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
CARLOS NOYA PEREIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.02.2021.
 - 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2021 AO 16.04.2021.
 - 3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 2 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.
 - 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2021 E CADRO DE PERSOAL.
 - 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
 - 6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A 30.12.2020.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN DE MANCOMUNIDADE CO CONCELLO DE AMES PARA A XESTIÓN DA ETAP AMES - BRIÓN.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

9º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2022-2024.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.02.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 2/2021, do 17.02.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2021 AO 16.04.2021.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000063/2021	11/02/2021	BASES CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO BRION NA REDE 2021.
000064/2021	11/02/2021	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2021.
000065/2021	12/02/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2020.
000066/2021	12/02/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000067/2021	12/02/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/5 CONTRATOS.
000068/2021	12/02/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/4.
000069/2021	12/02/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/6 (+3.000€).
000070/2021	15/02/2021	DECRETO DE SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA DURANTE O ANO 2021 (DEPUTACIÓN PROVINCIAL).
000071/2021	15/02/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/4.
000072/2021	17/02/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACCESO, ASISTENCIA E MANTEMENTO DA PLATAFORMA CIBERSAD.
000073/2021	17/02/2021	MC Nº 04/2021: INCORPORACIÓN REMANENTES DE CRÉDITO PROXECTO POS+ ADICIONAL 2/2020.
000074/2021	18/02/2021	DEVOLUCIÓN AVAIS BARBATANA 2018-2019.
000075/2021	19/02/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 142.

000076/2021	19/02/2021	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA Nº 05/2021: G.C. PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021.
000077/2021	19/02/2021	APROBACIÓN EXPDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN POR ADMÓN DA OBRA DO PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS-SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL, INCLUIDA NO POS+ ADICIONAL2/2020.
000078/2021	22/02/2021	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 24/2020-D.
000079/2021	22/02/2021	DECRETO CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 23/02/2021, ÁS 14.00 H.
000080/2021	22/02/2021	DEVOLUCION AVAL VIAJES VILORIA S.A. CONTRATO "VACACIÓNS PARA A 3ª IDADE 2016. MALLORCA CONCELLO DE BRION".
000081/2021	22/02/2021	ACHEGANDO ACORDO DE INICIACIÓN EXPED. SANCIONADOR DH.D15.73685 EN MATERIA DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS DH.V15.43368.
000082/2021	22/02/2021	SOLICITUDE DE AXUDA PLAN MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022.
000083/2021	23/02/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB2.21) - FEBREIRO 2021.
000084/2021	23/02/2021	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS BRION INCLUE.
000085/2021	24/02/2021	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2021-M (EMERXENCIA).
000086/2021	24/02/2021	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DO PEL CONCELLOS REACTIVA 2021.
000087/2021	24/02/2021	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CEIP DE PEDROUZOS.
000088/2021	26/02/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA FEBREIRO 2021.
000089/2021	26/02/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2021.
000090/2021	26/02/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2021.
000091/2021	01/03/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 02/03/2021, ÁS 14.00 H.
000092/2021	02/03/2021	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: MODELOS 111 E 303. FEBREIRO 2021.
000093/2021	02/03/2021	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO RENOVA IV.
000094/2021	03/03/2021	AUTORIZACIÓN A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. PARA A CONSTITUCIÓN DE AVAL GLOBAL PERMANENTE A FAVOR DO CONCELLO PARA OBRAS QUE AFECTEN AO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL.
000095/2021	03/03/2021	SOLICITANDO INSCRICIÓN DUN ANIMAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000096/2021	03/03/2021	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DUN ANIMAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000097/2021	04/03/2021	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DUN ANIMAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

000098/2021	04/03/2021	SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000099/2021	04/03/2021	SOLICITUDE DE LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS P.P. E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL.
000100/2021	04/03/2021	SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000101/2021	04/03/2021	SUBVENCIÓN SOCORRISMO 2021.
000102/2021	05/03/2021	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA Nº 06/2021: T.C. ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.
000103/2021	05/03/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA FEBREIRO.
000104/2021	05/03/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA FEBREIRO.
000105/2021	05/03/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO.
000106/2021	08/03/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA, TELEFONÍA MÓBIL E MANTEMENTO.
000107/2021	09/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000108/2021	09/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000109/2021	09/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000110/2021	09/03/2021	RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA O 10.07.2012, E NOVAS NORMAS DE PRESTACIÓN DO PROGRAMA DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS.
000111/2021	09/03/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 143.
000112/2021	09/03/2021	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL E PAVILLÓN DE DEPORTES.
000113/2021	09/03/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUN CAMIÓN DE BOMBEIROS.
000114/2021	09/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000115/2021	09/03/2021	SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO/A DE ORIENTACION LABORAL.
000116/2021	12/03/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/9.
000117/2021	12/03/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/8 CONTRATO.
000118/2021	15/03/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 16/03/2021, ÁS 14.00 H.
000119/2021	15/03/2021	PLAN PRESUPOSTARIO A MEDIO PRAZO 2022-2024.
000120/2021	16/03/2021	ALTAS PADRÓN DO LIXO ANO 2021.
000121/2021	16/03/2021	SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA).
000122/2021	16/03/2021	DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PARTICULAR. LICENZA URBANÍSTICA XGL 25/10/2017.

000123/2021	17/03/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE TRAMPEO DE VELUTINAS.
000124/2021	17/03/2021	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPRES. 02/2021-D, 03/2021-D, 26/2020-M-D.
000125/2021	17/03/2021	DEVOLUCION FIANZA A PARTICULAR.
000126/2021	17/03/2021	DEVOLUCION FIANZA A PARTICULAR.
000127/2021	17/03/2021	DEVOLUCION FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN CIRRO Nº 25.
000128/2021	17/03/2021	DEVOLUCION FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN CHAVE DE PONTE 49, BASTAVALES.
000129/2021	17/03/2021	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PERSOAL PARA AS BRIGADAS DE OBRAS E VÍAS DE 2021.
000130/2021	17/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000131/2021	22/03/2021	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN DA IGUALDADE.
000132/2021	22/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000133/2021	22/03/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/10 CONTRATO.
000134/2021	22/03/2021	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE AO ABEIRO DA ORDE DO 05.03.2021 PARA A CREACIÓN OU MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES.
000135/2021	23/03/2021	AMPLIACIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PÁXINA WEB.
000136/2021	24/03/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000137/2021	24/03/2021	DECRETO PADRÓN SEGUNDO TRIMESTRE ESCOLA DE MÚSICA.
000138/2021	24/03/2021	DEVOLUCIÓN AVAL ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL.
000139/2021	24/03/2021	DECRETO DE BAIXA NO LIXO DO RECIBO 253000728552.
000140/2021	26/03/2021	MODIFICACIÓN DO XURADO DO PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2021.
000141/2021	26/03/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/15 CONTRATO.
000142/2021	26/03/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/14.
000143/2021	26/03/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 30/03/2021, ÁS 14.00 H.
000144/2021	26/03/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MARZO 2021.
000145/2021	29/03/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS DE LIXO.
000146/2021	29/03/2021	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2021-M (EMERXENCIA).
000147/2021	29/03/2021	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL POLO PROGRAMA PEL-REACTIVA 2021.
000148/2021	31/03/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2021.
000149/2021	31/03/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2021.
000150/2021	05/04/2021	LIQUIDACIÓN TAXAS CAMBIO DE TITULARIDADE E DE MATRÍCULA CAMIÓN DE BOMBEIROS GES.
000151/2021	06/04/2021	DECLARANDO DESERTO O PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DE MÁQUINAS VENDING POR NON TER PRESENTADO NINGÚN LICITADOR.
000152/2021	07/04/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO: CHAVE DE PONTE - RÚA GONDAR, CABANAS - SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.

000153/2021	07/04/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000154/2021	07/04/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MARZO.
000155/2021	07/04/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MARZO.
000156/2021	07/04/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ABRIL.
000157/2021	07/04/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE IMPLEMENTACIÓN DA LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS.
000158/2021	08/04/2021	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO NA AVDA. DOS ÁNXELES 51, ÓS ÁNXELES (MERCEDES BENZ).
000159/2021	08/04/2021	CONTRATO MENOR TRABALLOS DE PODA E MANTEMENTO NA CARBALLEIRA.
000160/2021	08/04/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA FINAL DO CONVENIO GES. DEPUTACIÓN PROVINCIAL. ANUALIDADE 2020.
000161/2021	09/04/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. MARZO 2021.
000162/2021	09/04/2021	DENEGACIÓN ACCESO COPIA DE DOCUMENTACIÓN.
000163/2021	12/04/2021	MODIFICACIÓN DO DECRETO DE ALTAS DO PADRÓN DO LIXO DE 16.03.2021.
000164/2021	13/04/2021	REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOLICITADA POR UNHA PERSOA.
000165/2021	14/04/2021	PAGO TAXAS TRÁFICO CAMBIO SERVIZO VEHÍCULO M4575ZG.
000166/2021	15/04/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.
000167/2021	15/04/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS PARA O DÍA 20.04.2021.
000168/2021	15/04/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS PARA O DÍA 20.04.2021.
000169/2021	15/04/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TOPO NO LUGAR DO SOUTULLOS, SAN SALVADOR.
000170/2021	16/04/2021	CONVOCATORIA PLENO 21.04.2021.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 2 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

I. Antecedentes:

1. A relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Brión, foi aprobada polo Pleno en sesión de data 31 de xullo de 2019, e publicada no BOP do 8 de agosto de 2019.

2. A 1ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 27 de febreiro de 2020, e foi publicada no BOP do 23 de xuño de 2020.

3. Consta informe da empresa Galivalia SL contratista do servizo de asesoramento técnico - xurídico en materia de recursos humanos, que foi a que confeccionou a RPT, de data 23 de marzo de 2021, onde se contén a modificación que se propón.

4. A modificación foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación en data 14.04.2021.

Co obxecto de reforzar o desenvolvemento das funcións relativas á organización, dirección e control da ocupación e utilización do solo, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística e medioambiental, e a xestión e aplicación do réxime sancionador, considérase procedente a creación dun novo posto de arquitecto/a adscrito á Unidade da oficina técnica do Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos.

Ademais do anterior, tamén se considera indispensable contemplar nesta Unidade un posto que, entre outras funcións, poida realizar un seguimento directo das licenzas urbanísticas outorgadas polo concello, así como a vixilancia da execución de posibles obras sen licenza municipal, a investigación e xestión da biomasa das franxas secundarias e a vixilancia do cumprimento das ordes en relación coa limpeza, mantementos, reparacións, así como calquera outro tipo de actuación en materia de obras públicas; polo que co obxecto de realizar as funcións anteriormente descritas, considérase procedente a creación dun novo posto de Oficial 1ª servizos varios, adscrito á Unidade da oficina técnica do Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos.

Igualmente se fai unha nova configuración organizativa nos eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes, Novas Tecnoloxías e Música:

Esta modificación pretende buscar un novo modelo organizativo co obxectivo de obter a mellor simbiose posible entre os recursos de persoal dispoñibles e a consecución dunha estrutura administrativa o máis adecuada para a satisfacción dos servizos a prestar.

Polo tanto, se procede a realizar un novo deseño organizativo que afecta aos Departamentos que actualmente asumen as funcións relativas a Cultura, Educación, Emprego, Deportes, Música e Novas Tecnoloxías, co obxecto de mellorar a prestación e coordinación dos servizos que se corresponden con eses eidos funcionais.

Con este obxectivo, proponse a modificación do Organigrama Administrativo no senso de agrupar os eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes e Novas Tecnoloxías nun mesmo departamento e baixo a coordinación e supervisión do posto de Xestor Cultural-Coordinador, posto que ademais desenvolverá as funcións correspondentes ao eido funcional de artes escénicas e musicais que sexan propias deste departamento.

Por outra banda, as competencias relativas á actividade da escola de música municipal quedarían encadradas nun departamento propio.

Considera esta alcaldía que é necesario modificar a RPT, modificación que afecta aos seguintes postos:

- Arquitecto municipal, mediante a creación dunha nova praza, de persoal funcionario.
- Oficial servizos varios, mediante a creación dunha nova praza, de persoal laboral.
- Os derivados dunha nova configuración organizativa nos eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes, Novas Tecnoloxías e Música, no senso de agrupar os eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes e Novas Tecnoloxías nun mesmo departamento e baixo a coordinación e supervisión do posto de Xestor Cultural - Coordinador, posto que ademais desenvolverá as funcións correspondentes ao eido funcional de artes escénicas e musicais que sexan propias deste departamento.

II. Fundamentos de dereito:

- Artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para aprobación da relación de postos de traballo.

- Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto o informe conxunto de secretaría e intervención do 9 de abril de 2021, e á vista do exposto propónse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Realizar as seguintes adaptacións no persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

1. Creación dos seguintes postos de traballo:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA GRUPO	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 PAGAS) Ano 2021	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	ADM.	OBSERVACIÓNS
03.01.00.02	ARQUITECTO	F	A.E. (TÉCNICA)	A1	26	11.098,92	C	U.E.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA
03.01.00.03	OFICIAL 1ª SERVICIOS VARIOS	L	S.C.	IV	18	8.435,14	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA

2. Nova configuración organizativa nos eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes, Novas Tecnoloxías e Música, no senso de agrupar os eidos funcionais de Cultura, Educación, Emprego, Deportes e Novas Tecnoloxías nun mesmo departamento e baixo a coordinación e supervisión do posto de Xestor Cultural - Coordinador, quedando do seguinte xeito:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA GRUPO	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 PAGAS) Ano 2021	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	ADM.	OBSERVACIÓNS
07. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO											
07.00.00.01	XESTOR CULTURAL-COORDINADOR	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	24	11.098,92	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN
07. 01. UNIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL, EDUCACIÓN E BIBLIOTECA											
07.01.00.01	OFICIAL ADMINISTRACIÓN BIBLIOTECA	F	A.X. (AUXILIAR/ADTV.)	C2/C1	18	5.771,50	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	A.L.	0
07. 02. UNIDADE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL											
07.02.00.01	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	20	6.215,44	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	A.L.	0
07. 03. UNIDADE DE PROMOCIÓN DEPORTIVA											



07.03.00.01	MONITOR DEPORTIVO	L	S.C.	III / I	18	6.215,44	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA
07.03.00.02	CONSERXE PAVILLÓN	L	S.C.	IV/V	14	5.771,50	C	U.E.	SEN ESIXENCIA DE TITULACIÓN	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA
07. 04. UNIDADE DE CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS											
07.04.00.01	TÉCNICO DE INFORMÁTICA	F	A.E. (TÉCNICA)	C1	18	5.771,50	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	A.L.	0
08. DEPARTAMENTO DE MÚSICA											
08.00.00.01	DIRECTOR ESCOLA MÚSICA	L	S.C.	II	22	7.547,26	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA
08.00.00.02	XEFE DE ESTUDOS MUSICAIS	L	S.C.	III / I	18	5.771,50	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	A.L.	DISPONIBILIDADE HORARIA

2º) Aprobar a matriz para a determinación dos complementos específicos e de destino dos postos de nova creación e do posto de Xestor Cultural – Coordinador, que figura de seguido:

2.1. ARQUITECTO.

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILIDADE			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI-CON	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
03.01.00.02	ARQUITECTO	90	9	72	296	78	5	5	56	611	625

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COMP.	XEF.M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI/CON	REL. O			TERR.	FUNC.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
03.01.00.02	ARQUITECTO	150	90	42	6	56	135	120	42	104	745	750	A1	26

2.2. OFICIAL SERVICIOS VARIOS.

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILIDADE			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI-CON	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
03.01.00.03	OFICIAL 1ª SERVICIOS VARIOS	60	9	72	148	78	5	20	63	455	475

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COMP.	XEF.M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI/CON	REL. O			TERR.	FUNC.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
03.01.00.03	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	60	10	28	6	56	60	60	56	78	414	425	IV	18

2.3. XESTOR CULTURAL- COORDINADOR
VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILIDADE			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI-CON	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
07.00.00.01	XESTOR CULTURAL- COORDINADOR	120	9	72	222	130	5	5	42	605	625

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COMP.	XEF.M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI/CON	REL. O			TERR.	FUNC.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
07.00.00.01	XESTOR CULTURAL- COORDINADOR	120	60	56	6	56	90	120	42	104	654	675	A2	24

3º) Aprobar as funcións dos postos de traballo que figuran de seguido.

CÓDIGO	03.01.00.02
DENOMINACIÓN	ARQUITECTO
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS. OFICINA TÉCNICA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.E.(TÉCNICA)
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Elaboración e seguimento dos expedientes relativos a Planeamento, Xestión e Disciplina Urbanística e Medioambiental conforme a súa capacitación técnica e profesional. Realizar informes de obra.



	Realizar informes preceptivos, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos ás materias propias do departamento.
	Asumir a supervisión directa, seguimento e informe de proxectos de infraestruturas públicas.
	Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	DISPOÑIBILIDADE HORARIA

CÓDIGO	03.01.00.03
DENOMINACIÓN	OFICIAL 1ª SERVICIOS VARIOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVICIOS BÁSICOS. OFICINA TÉCNICA
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORÍA	S.C
GRUPO	IV
FUNCIÓNS	Seguimento das licenzas urbanísticas outorgadas polo Concello.
	Vixilancia da execución de posibles obras sen licenza municipal.
	Investigación e xestión da biomasa das franxas secundarias.
	Vixilancia do cumprimento das ordes dadas, pola Alcaldía ou polas distintas Concellerías ao persoal municipal, relacionadas coa limpeza, mantementos, reparacións, así como calquera outro tipo de actuación en materia de obras públicas.
	Realizar informes e partes de incidencias dentro do seu eido competencial e profesional.
	Manexo de vehículos para o desenvolvemento das súas tarefas.

	Asumir a conservación e mantemento básico dos vehículos utilizados.
	Xestión dos subministros do departamento.
	Colaborar na realización das restantes funcións asumidas polo departamento, e que entren dentro da súa capacitación profesional.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	DISPONIBILIDADE HORARIA

07. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACION, DEPORTES, E EMPREGO

CÓDIGO	07.00.00.01.
DENOMINACIÓN	XESTOR CULTURAL - COORDINADOR.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO
TIPO DE PERSOAL	F
CATEGORIA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	A2
FUNCIONES	<p>Exercer a coordinación xeral do Departamento, coas obrigas derivadas disto.</p> <p>Coordinar e Supervisar a actividade do persoal adscrito ao Departamento.</p> <p>Planificar, supervisar e participar na posta en marcha de programas e actividades a desenvolver no departamento.</p> <p>Realizar as tarefas propias da súa condición de técnico especializado, no marco da súa capacitación profesional, e no marco das competencias asumidas polo Departamento.</p> <p>Asumir a Coordinación de actuacións cos outros departamentos e institucións.</p> <p>Realizar informes preceptivos, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos ás materias propias do departamento.</p> <p>Deseñar e participar activa e materialmente, nos programas e actividades, de índole cultural, turística, relativo ao patrimonio cultural, etc, realizados e promovidos dende a unidade, no eido da súa capacitación profesional.</p> <p>Realizar un seguimento operativo daquelas actividades que dende a unidade se poñan en marcha, garantindo o seu adecuado desenvolvemento.</p>

	<p>Asumir a incentivación e organización da participación veciñal nos programas e/ou actividades culturais do Concello.</p> <p>Asumir a dirección e xestión da Sala Municipal de Exposicións, coas obrigas inherentes e propias.</p> <p>Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, nos restantes asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.</p> <p>Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.</p>
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN

CÓDIGO	07.01.00.01
DENOMINACIÓN	OFICIAL ADMINISTRACIÓN BIBLIOTECA
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO. UNIDADE PROMOCIÓN CULTURAL, EDUCACION E BIBLIOTECA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.X. (AUXILIAR/ADTVA.)
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	<p>Asumir a xestión e organización da actividade ordinaria da Biblioteca Municipal.</p> <p>Automatización de fondos e mantemento do catálogo.</p> <p>Programación e posta en marcha de actividades e programas de animación á lectura ou doutra índole e propios do eido competencial da unidade.</p> <p>Realizar tarefas de atención ó público en xeral.</p> <p>Transcribir documentos.</p> <p>Control e reposición do material de oficina do seu departamento</p> <p>Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial da unidade na que se integra.</p>

OBSERVACIÓNS

CÓDIGO	07.02.00.01
DENOMINACIÓN	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO. UNIDADE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.
TIPO DE PERSOAL	F
CATEGORÍA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	A2
FUNCIÓNS	<p>Asumir a responsabilidade sobre o desenvolvemento das tarefas e procesos técnicos encamiñados á dinamización e potenciación económica e laboral municipal, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable.</p> <p>Asumir o asesoramento e asistencia técnica especializada no eido do desenvolvemento local.</p> <p>Encargarse da elaboración, aplicación e seguimento de programas, plans e actuacións no eido do desenvolvemento local.</p> <p>Responsabilizarse da dinamización e vertebración das iniciativas de axentes sociais e económicos do Concello.</p> <p>Elaborar e realizar programas e actividades á que promovan os valores do voluntariado entre os habitantes do Concello, baixo a supervisión do Coordinador Xeral do Departamento.</p> <p>Fomentar e incentivar o movemento asociativo.</p> <p>Prestar asesoramento en materia de emprego, formación e orientación e inserción no mercado laboral, tanto ao propio Concello como ao veciños que o requiran.</p> <p>Encargarse da elaboración, aplicación e seguimento de programas, plans e actuacións orientadas á formación, ao fomento do emprego e a inserción laboral, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.</p> <p>Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, nos restantes asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.</p>

	Encargarse da emisión de informes dentro do seu eido competencial e no marco da súa capacitación profesional.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	

CÓDIGO	07.03.00.01
DENOMINACIÓN	MONITOR DEPORTIVO
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO. UNIDADE DE PROMOCIÓN DEPORTIVA
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORÍA	S.C.
GRUPO	III / I
FUNCIÓNS	<p>Encargarse da posta en marcha e desenvolvemento operativo dos programas e actividades deseñados pola área e orientados á dinamización e fomento da actividade deportiva municipal.</p> <p>Incentivar a participación cidadán na actividade e a creación deportiva.</p> <p>Dinamizar e apoiar as actividades de diferentes asociacións, entidades e ,en xeral, de todo o entramado de organizacións deportivas municipais.</p> <p>Encargarse da atención e apoio aos grupos e entidades culturais de deportivas do Concello.</p> <p>Asumir a supervisión directa e material das actividades deportivas desenvolvidas pola unidade, no marco da súa capacitación profesional, e en contacto directo cos usuarios das mesmas.</p> <p>Encargarse da emisión de informes dentro do seu eido competencial e no marco da súa capacitación profesional.</p> <p>Garantir a seguridade de tódolos usuarios.</p> <p>Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, nos restantes asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.</p> <p>Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.</p>
OBSERVACIÓNS	DISPONIBILIDADE HORARIA

CÓDIGO	07.03.00.02
DENOMINACIÓN	CONSERXE PAVILLÓN
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO. UNIDADE DE PROMOCIÓN DEPORTIVA
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORÍA	S.C
GRUPO	IV/V
FUNCIÓNS	Realizar as tarefas propias do servizo de conserxería, dentro da súa capacitación profesional, e no marco das competencias asumidas pola unidade.
	Vixiar e custodiar as dependencias.
	Abrir e pechar as dependencias.
	Realizar tarefas materiais de auxilio á función administrativa; reprografía, encadernación, traslado de documentación e similares.
	Coidar a orde e convivencia nas instalacións públicas e aviso ós responsables cando se producen alteracións.
	Dar información ao público sobre as dependencias e localización de oficinas.
	Realizar as tarefas propias e necesarias para a adecuado estado de limpeza e asepsia das instalacións en momentos puntuais, e cando non sexa cuberto polo propio servizo de limpeza.
	Realizar tarefas de apoio en actos protocolarios e recepcións e eventos similares.
	Limpeza e mantemento do entorno das instalacións deportivas, en especial, do pavillón polideportivo.
	Realizar pequenos traballos de mantemento e reparacións das instalacións que non esixan unha especial cualificación técnica.
Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.	
OBSERVACIÓNS	DISPONIBILIDADE HORARIA

CÓDIGO	07.04.00.01
---------------	-------------



DENOMINACIÓN	TÉCNICO DE INFORMÁTICA
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E EMPREGO. UNIDADE DE CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS
TIPO DE PERSOAL	F
CATEGORÍA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	C1
FUNCIÓN	<p>Xestión da Aula CEMIT e planificación de actividades.</p> <p>Realización de actividades e actuacións encamiñadas á divulgación das novas tecnoloxías e das súas utilidades, incentivando especialmente o uso dos recursos informáticos e a comunicación vía rede informática (internet).</p> <p>Posta en marcha de programas formativos e educativos no eido informático, debéndose axustar ás demandas e necesidades reais da poboación do Concello.</p> <p>Asumir a responsabilidade da organización, implantación e supervisión técnica dos procedementos e aplicativos da administración electrónica e actuacións desenvolvidas polo servizo, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable e/ou da Alcaldía.</p> <p>Asumir a supervisión e control da implantación de novos sistemas informáticos e ferramentas tecnolóxicas relacionados coa administración electrónica e a páxina web</p> <p>Formular e deseñar propostas para a implantación de ferramentas informáticas para a estandarización e normalización de procedementos administrativos ordinarios do Concello, asumindo o seu control e seguimento.</p> <p>Organización de eventos e actos informativos sobre innovacións tecnolóxicas e a súa utilidade para o cidadán.</p> <p>Prestar asesoramento técnico especializado, no eido da súa capacitación profesional, cando así sexa requirido dende os diferentes departamentos ou servizos.</p> <p>Programación municipal adicada á formación informática e tecnolóxica da poboación.</p> <p>Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.</p>
OBSERVACIÓNS	

8. DEPARTAMENTO DE MÚSICA

CÓDIGO	08.00.00.01
DENOMINACIÓN	DIRECTOR ESCOLA DE MÚSICA
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE MUSICA
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORIA	S.C.
GRUPO	I
FUNCIÓN	Asumir a dirección da Escola de Música, coas obrigas derivadas disto.
	Organización, control e coordinación das actividades e eventos municipais desenvolvidos polo departamento, xunto coa Concellaría responsable.
	Asumir a programación das ensinanzas musicais do concello.
	Colaborar e coordinar, no deseño e implementación de actividades de divulgación e fomento musical promovido polo Concello.
	Impartir docencia dentro da súa especialidade musical.
	Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	DISPONIBILIDADE HORARIA

CÓDIGO	08.00.00.02
DENOMINACIÓN	XEFE ESTUDIOS MUSICAIS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE MUSICA

TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORIA	S.C.
GRUPO	III / I
FUNCIÓN	Exercer as funcións propias da xefatura de estudos da Escola de Música, coas obrigas derivadas disto.
	Impartir docencia dentro da súa especialidade musical.
	Colaborar no deseño e implementación de actividades de divulgación e fomento musical promovido polo Concello.
	Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	DISPONIBILIDADE HORARIA

4º) Aprobar inicialmente a modificación núm. 2 da relación de postos de traballo que figura especificada e dispoñer, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que vanse abster porque non houbo traballo previo de negociación.

O Sr. Alcalde sinala que en base á acumulación de tarefas, pola existencia de moitos expedientes paralizados, é necesario darlle unha resposta, para poder dar servizo aos veciños, e por iso creáronse esas dúas prazas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2021 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2021 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2021, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2021
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.099.445,18
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	115.000,00
Capítulo 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.319.128,57
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.871.494,42
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIES	1.052,01
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	279.917,80
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCERIOS	0,00
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o recursos		6.686.037,98
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>		6.406.120,18
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>		279.917,80
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		6.710.037,98

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2021
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.598.782,44
Capítulo 2	GASTOS BENS CORRENTES/SERVICIOS	2.756.435,21
Capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	7.600,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	559.744,62
Capítulo 5	FONDO DE CONTIGENCIA Y OTROS IMPREV.	
Capítulo 6	INVERSIÓNS REAIS	763.475,71
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCERIOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o empregos		6.686.037,98
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>		5.922.562,27
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>		763.475,71
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		6.710.037,98

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2021, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se presentan con catro meses de retraso, aínda que entendemos o traballo do equipo de goberno, pero deste xeito posto que no lo remitiron o mércores non podemos facer achegas nós, e levamos así seis anos, e tampouco os cidadáns, que sería desexable que estes puideran facer achegas.

Engade que todo é mellorable e nos co orzamento non intentamos facer política, pero son restrictivos, se ben debemos felicitálos polo elevado nivel de execución do orzamento de 2020, porque hai outros concellos que teñen máis orzamento pero logo non o executan.

Sinala que entrando polo miúdo nas partidas, que se reduciu o gasto sobre todo para temas sociais; hai un aumento do 54,90% nos impostos indirectos baseados nunha hipotética recuperación urbanística, e gustaríanos saber de que se trata, porque non coñecemos ningún desenvolvemento urbanístico importante que se vaia facer.

Se incrementa moito o gasto financeiro aínda que sabemos que é pola usura das entidades bancarias por ter os depósitos bancarios alí; respecto das subvencións nominativas chama a atención a que se vai conceder á Sociedade de Cazadores Altamira, descoñecemos a motivación para incluíla, a caza non debería ser un deporte, e leva máis cartos que entidades deportivas como os clubs de patinaxe, e as Anpas non levan nada, e me gustaría que se estudara este tema.

Engade que servizos sociais baixa, fomento do emprego baixa e hai no Concello 480 persoas desempregadas, non entendemos esta baixada; cultura tamén baixa e o que se fai é coa axuda da Deputación, transporte tamén baixa, e o que sube son as retribucións dos órganos de goberno que sube un 29%, nós entendemos as remuneracións do equipo de goberno, pero non que haxa incremento aquí e baixada no resto.

Vendo o orzamento da a sensación de que temos as necesidades cubertas, e chama a atención os gastos en publicidade e propaganda e sube tamén nun 17% os traballos doutras empresas que é un caixón de xastre e é difícil de controlar.

Engade que catro días para ver o orzamento é insuficiente; son uns orzamentos semellantes a 2020, pero cunha diferenza substancial, en 2020 non sabíamos do alcance da pandemia, hoxe non ten escusa, sabemos das necesidades que existen hoxe, se cumpre coa normativa de gasto e orzamentaria pero non coas necesidades, e remata sinalando que non imos votar en contra, ten que ser unha cousa moi mal feita para que nós votemos en contra, pero absterémonos porque non o vemos axeitado para o ano 2021.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que é certo que baixa un pouco respecto de 2020, pero teño que dicir que na elaboración participan todos os servizos do Concello e logo é consensuado cos membros do equipo de goberno, pero eles propoñen.

Engade que hai unha baixada mínima en servizos sociais, porque non hai viaxes, nin xuntanzas, pero temos cubertos aos veciños en situación de necesidade ou exclusión; estamos pendentes da liquidación para ver o remanente para poder facer novos investimentos, esperamos ampliar o pavillón, e remata sinalando que sabemos que o orzamento chega tarde pero non é unha situación doada.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que somos conscientes de que non temos festa de Santa Minia, pero ese aforro pódese empregar para outras cousas, eses cartos son de todos os contribuíntes, e que o remanente hai que gastalo, e que iso que dixi de que non sodes vós os que deciden o orzamento, apaga e vámonos; o responsable do orzamento é o equipo de goberno, aí non podemos estar de acordo en absoluto.

Por intervención, de orde do Sr. Alcalde, se informa que o resto do remanente de 2020 tamén está en función dos ingresos, que son os que son; que o incremento de ingresos en urbanismo ven motivado polo feito de que nestes últimos anos o ICIO aumentou e segundo o departamento de urbanismo é previsible que siga á alza; respecto do incremento da partida de traballos doutras empresas é debido sobre todo polos contratos de limpeza e monitoraxe, motivados polo Covid-19 sobre todo e por protección pola crise sanitaria.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que os ingresos son previsións, que poderían incrementarse máis e aumentarse tamén os gastos e así se mantería tamén o equilibrio orzamentario, politicamente falando, e iso sería suficiente para incrementar as partidas de servizos sociais.

O Sr. Alcalde sinala que a realidade é que baixamos en servizos sociais, en cultura e en outras cousas, pero a realidade é a que é; en servizos sociais baixouse porque hai moitas cousas que este ano polo Covid-19 non se poden facer, igual que en cultura; por outra banda hai que dicir que dun orzamento de 6.000.000 de euros, 4.500.000 euros van en persoal e gastos correntes en bens e servizos, que as fabas son poucas para repartir, e que en servizos sociais gastamos moito en temas que non son competencia nosa, e así llo pedimos alcaldes socialistas recentemente á Xunta, hai que ser cauto e algo tiraremos do remanente.

Respecto do tema da publicidade dicir que a revista Altamira se quita de aí e tamén de libros que se publican, que non é publicidade propiamente dita.

Respecto do tema da caza o propio nome da asociación di que é deportiva, se lles viña dando e o ano pasado non a tiñan constituída e como veciños que son, pois colaboramos con eles.

Respecto do tema do transporte asinouse un convenio coa Xunta e baixou porque o que estaba previsto non se gastaba.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que boto en falta un discurso máis político, non nos serve dicir que se xa poñen cartos outras administracións non o imos facer nós; sei que se está contratando persoal pero existindo xente que o está a pasar mal, debía mirarse por eles.

O Sr. Alcalde sinala que entendemos as críticas, pero que traballamos sempre en beneficio do pobo, e iremos mellorando pouco a pouco.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que votaremos a favor a pesar de que existen reducións en gasto social, cultura e educación, porque é un ano complicado e se está intentando facer o mellor posible.

O Sr. Alcalde sinala que a responsabilidade é do grupo de goberno, así é, pero eu non lle podo dicir ao técnico de servizos sociais o que debe facer.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

Visto o informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de data 07.04.2021, no que se propón a actualización dos prezos recollidos no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do Concello, publicada no BOP do 18.04.2016, con actualizacións posteriores publicadas no BOP do 17.04.2018, 15.04.2019 e 11.08.2020, que se resume do seguinte xeito:

1. A actualización das tarifas para o curso 2021-2022 segundo as táboas seguintes, pola variación sufrida polo IPREM en 2021, non aplicando a variación por IPC ao resultar este

negativo (-0'3%), e axustando os prezos resultantes de xeito que en ningún caso sexan inferiores aos determinados pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica vixentes nesta data.

Visto o expediente tramitado e resultando necesario modificar a ordenanza coa actualización sinalada, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do Concello, publicada no BOP do 18.04.2016, con actualizacións posteriores publicadas no BOP do 17.04.2018, 15.04.2019 e 11.08.2020, nos seguintes termos:

1.1 - Modifícanse as tarifas do art. 7: Tarifas, que pasan a ter a seguinte redacción:

ESTABLECEMENTO DE PREZOS				
SERVIZO		XORNADA COMPLETA		MEDIA XORNADA
		8 horas/día	6 horas/día	
Atención Educativa e Asistencial		218'92 €/mes	164'20 €/mes	109'44 €/mes
Comedor	Almorzo (1-3 anos)	12'51 €/mes		
	Xantar e sesta (1-3 anos)	76'05 €/mes	Non é aplicable	
	Xantar días soltos	5'21 €/día		
	Merenda (1-3 anos)	12'51 €/mes		
Xornada Ampla	3'5 h/día	31'27 €/mes	Non é aplicable	
Material Escolar	Anual (1- 3 anos)	10'42 €/ano		5'21 €/ano

TÁBOA DE REDUCCIÓNS SOBRE PREZOS						
RENDAS		SERVIZO EDUCATIVO E ASISTENCIAL			SERVIZO DE COMEDOR	
% R.P.C. / IPREM 2021	RENDA P.C.	% A ABOAR SOBRE A RENDA/mes	Xornada completa		Media xornada	% A ABOAR SOBRE O CUSTE DOS SERVIZOS/mes
			8 horas	6 horas	4 horas	
=0% >30%	=0'00 >282'45	5%	100% do resultado	75% do resultado	50% do resultado	PREZO MÍNIMO
=30% >50%						15%
=50% >75%	=282'45 >423'67	12%				20%
=75% >100%	=423'67 >564'90	16%				40%
=100% >125%	=564'90 >706'12	20%				60%
=125% >150%	=706'12 >847'35	20%				75%
=150% >175%	=847'35 >988'57	20%				85%
=175% >200%	=988'57 >1.129'80	20%				100%
=/< 200%	=/<1.129'80	20%				

TÁBOA DE PREZOS RESULTANTES

% R.P.C. / IPREM 2021	RENDA P.C.	SIN COMEDOR			CON COMEDOR	
		XORNADA COMPLETA		MEDIA XORNADA	XORNADA COMPLETA	
		8 HORAS (De--- a ---)	6 HORAS (De--- a ---)	4 HORAS (De--- a ---)	SÓ XANTAR (De --- a ---)	+ MERENDA OU ALMORZO (De --- a ---)
>30% IPREM	> 169'47				10'42-19'33	12'51-21'42
=30% >50%	=169'47 >282'45	5'21 - 14'12	5'21 - 10'59	5'21 - 7'06	17'45 - 25'53	19'33 - 27'40
=50% >75%	=282'45 >423'67	34'91 - 50'84	26'18 - 38'13	17'45 - 25'42	52,36 - 66'05	54'86 - 68'55
=75% >100%	=423'67 >564'90	69'81 - 90'38	52'36 - 67'78	34'90 - 45'19	100'23 - 120'80	105'23 - 125'80
=100% >125%	=564'90 >706'12	112'98 - 141'22	84'73 - 105'91	56'49 - 70'61	158'61 - 186'85	166'12 - 194'36
=125% >150%	=706'12 >847'35	141'22 - 169'47	105'91 - 127'10	70'61 - 84'73	198'25 - 226'51	207'63 - 235'89
=150% >175%	=847'35 >988'57	169'47 - 197'71	127'10 - 148'28	84'73 - 98'85	234'11 - 262'35	244'74 - 279'98
=175% >200%	=988'57 >1.129'80	197'71 - 225'96	148'28 - 169'47	98'85 - 112'98	273'76 - 302'01	286'27 - 314'52
=/< 200%	=/<1.129'80	225'96	169'47	112'98	302'01	314'52

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A 30.12.2020.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2019 e o 31 de decembro de 2020, nos seguintes termos:



ALTAS

1. INMOBLES:

1100034 PARCELAS NA URBANIZACIÓN DE MONTE DEVESA.- Instalación dun columpio Veleta Nido, no parque infantil existente nesta parcela.

VALOR.....1.750,47 €

1221006 LOCAIS NA URBANIZACIÓN AGRO NOVO.- No local G, descrito nesta epígrafe instalouse o seguinte material:

.- Cociña: 4.114,00 €.

.- Termo eléctrico: 395,67 €

VALOR.....4.509,67 €

1224018 CAMPO DE FÚTBOL DE BRIÓN.- No ano 2020 realizáronse obras de: Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do campo de fútbol de Brión. As obras foron subvencionadas parcialmente pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 19 de decembro de 2019, liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental do 2020. Foron adxudicadas á empresa Javi-Luz Electricidad S.L. por resolución da alcaldía do 20.07.2020 e recibidas o 17.12.2020.

VALOR.....36.590,40 €

Nos anos 2019/2020 realizáronse obras de mellora do firme dos camiños incluídos no: Proxecto de camiño de Mourentáns a Pousada de Abaixo por Forxán e outros. As obras consistiron en mellorar o firme, con extensión dunha nova capa de rodadura, previa reparación de baches, con grava e tratamento asfáltico, limpeza de gabias e pintado de marcas viais, nos seguintes lugares:

1529101 MOURENTANS - PONTE NINANS

1528101 A IGREXA - SALAÑO

1527104 VIOXO - LUAÑA

1510008 O OUTEIRO (OS ANXELES) - SOUTULLOS

1522102 SOUTULLOS - A IGREXA DE BASTAVALES

1522103 A IGREXA - BEMIL

As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía o 25.03.2019 á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A., por importe de 445.241,66 €, e foron recibidas o 10.03.2020.

VALOR:.....445.241,66 €

Nos anos 2019/2020 realizáronse obras de mantemento e mellora de aldeas e camiños incluídos no: Proxecto de mantemento e mellora de aldeas e camiños no Concello de Brión: Sabaxáns-Osebe. As obras consistiron na limpeza previa da superficie, limpeza das cunetas (no caso dos camiños de acceso ás aldeas), bacheo da superficie en mal estado e posteriormente un rego de imprimación asfáltica, nos seguintes lugares:

1522205 PANADERIA DE SABAXANS - CASA DE CASTELO

1522207 SOUTULLOS - ROMARIS

1522209 ENTRADA A CORUXIDO - SOUTO

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2019, por importe de 122.672,38 €. As obras foron recibidas o 17.12.2019.

VALOR..... 122.672,38 €

1524107 AGUIAR - BRANS DE ABAIXO: No ano 2020 realizáronse obras de mantemento e mellora das pistas municipais incluídas no: Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas

municipais do Concello de Brión: aldeas de Brans de Arriba e Aguiar. As obras consistiron na limpeza previa da superficie, limpeza das cunetas e bordes no interior da aldea, un bacheo da superficie en mal estado e posteriormente un rego de imprimación asfáltica.

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS + Adicional 2/2018, por importe de 57.990,49 €. As obras foron recibidas o 31.07.2019.

VALOR..... 57.990,49 €

1521301 CAMIÑOS DA AGRA DO OUTEIRO E O RIAL: No ano 2020 realizáronse obras de mellora de diversos camiños municipais incluídas no: Proxecto de mellora de camiños municipais 2020-2021 no Concello de Brión. As obras consistiron no mantemento e mellora de camiños de terra basicamente e na mellora dos accesos, mediante o perfilado do camiño, coa apertura de cunetas en ámbalas marxes e aporte de árido (zahorra), con posterior rega e compactación mecánica sobre a totalidade do camiño.

As obras foron subvencionadas ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 19.12.2019, Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021.

Foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, por resolución da alcaldía do 15.07.2020 e recibidas o 08.09.2020.

VALOR..... 47.850,61 €

No ano 2020 realizáronse obras de mantemento e mellora de aldeas incluídos no: Proxecto de mantemento e mellora das aldeas de Mato e Busto de Frades e de camiños en Vilar e Ons.

As obras a realizar consistiron no seguinte:

.- Reparación das aldeas de Mato e Busto de Frades: limpeza previa da superficie, bacheo da superficie en mal estado e posteriormente rego de imprimación asfáltica.

.- Reparación de camiños en Vilar e Ons: perfilado do camiño, coa reapertura de cunetas en ámbalas marxes e aporte de árido (zahorra); posteriormente rega e compactación mecánica sobre a totalidade do camiño.

1527105 A IGREXA - MATO - AMAÑECIDA

1526101 A GRAÑA - BUSTO DE FRADES

1539007 VILAR

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS + Adicional 1/2019, por importe de 137.324,47 €. As obras foron recibidas o 02.12.2020.

VALOR..... 137.324,47 €

5. VEHÍCULOS.

5000031.- Baca Evo-Rack para a furgoneta Peugeot Partner matrícula 6900CCN: 348,48 €

VALOR.....348,48 €

5000046.- REMOLQUE con dous eixes de freo, homologado para 750 kg, baldeiras abatibles e desmontables, número de chasis UB3RZ2250LV000542. Foi subministrado por Mantenimientos Autopeysa SL, no ano 2020. Adquirido por 2.335,30 €

VALOR.....2.335,30 €

5000047.- TURISMO CITROEN C3, matrícula 2088CSB. Foi subministrado por Brión Motor Taller SL, no ano 2020. Adquirido por 2.009,80 €

VALOR.....2.009,80 €

5000048.- CUBA emulsión Cecuba de emulsión Icoga de 2000 L.: 5.929,00 €

VALOR.....5.929,00 €



7. MOBLES:

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

- .- Fax multifunción Pixma: 72,60 €
 - .- 2 ordenadores Lenovo: 1.196,81 €
 - .- 3 Ordenadores de mesa con monitor LED: 2.642,64 € (880,88 €/unid).
 - .- Webcam panasonic: 127,05 €
 - .- Sistema de reporte e xestión de incidencias: 9.154,76 €
 - .- Climatizador para servidor: 955,90 €
 - .- Fotocopiadora multifunción Konica Develop Ineo: 1.965,04 €
 - .- Monitor AOC: 127,05 €
 - .- Porta corredera automática de entrada ás oficinas xerais: 4.235,00 €
- VALOR.....20.476,85 €

7010008 POLICÍA LOCAL

- .- 3 cascos F2 EXTREM con gafas: 508,20 €
 - .- 3 emisoras ICOM: 707,85 €
- VALOR.....1.216,05 €

7.02. NO PAVILLÓN.

- .- Equipos fotovoltaicos: 12.903,44 €
- VALOR..... 12.903,44 €

7.03. NA ESCOLA DE MÚSICA.

- .- 10 mamparas de piso en cor branco: 925,13 €
 - .- 30 mamparas de pupitre: 305,46 €
 - .- 2 sillas negras con pala esquerda: 205,09 €
 - .- 4 sillas negras con pala dereita: 410,19 €
 - .- 4 sillas verdes con pala dereita: 410,19 €
 - .- 4 sillas azuis con pala dereita: 410,19 €
 - .- 4 sillas coral con pala dereita: 410,19 €
 - .- 4 sillas mostaza con pala dereita: 410,19 €
 - .- Máquina de ozono para desinfección: 232,31 €
 - .- 2 purificadores de aire Hepa-P1 Philips para 78 m2: 1.040,60 €
 - .- 4 purificadores de aire Hepa-Philips para 49 m2: 580,03 €
 - .- 2 Ordenadores de mesa con monitor LED: 1.761,76 € (880,88 €/unid).
 - .- 1 disco duro externo: 250,00 €
 - .- Buffle Fender Champion con cableado: 400,00 €
- VALOR..... 7.751,33 €

7.04. NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

- .- Instalación de aire acondicionado: 5.190,90 €
- VALOR..... 5.190,90 €

7.08. CASA DA CULTURA.

- .- 45 sillas plegables Júcar gris claro: 1.089,00 €
- .- 2 Ordenadores de mesa con monitor LED: 1.761,76 € (880,88 €/unid).



- 2 micrófonos SM58 SHURE: 250,00 €
- 1 micrófono inalámbrico de condensador SHURE: 250,00 €
- 1 micrófono de condensador de superficie AKG PC 160: 400,00 €
- Altavoz Ibiza Sound: 290,90 €

VALOR..... 4.041,66 €

7100004.- ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.

- Equipos fotovoltaicos: 12.084,27 €
- Moble estantería de 220x114x20, dividido en cubos: 526,35 €
- Altavoz sonos move: 399,00 €
- Mesa cambia cueiros horizontal: 302,56 €
- Taquilla Asi 3 azul: 216,59 €
- Taquilla Inic azul: 116,16 €
- Invernadoiro: 2.083,62 €

VALOR.....15.728,55 €

7.12. MARQUESIÑAS NAS PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR.

- 1 marquesiña en Aguiar: 3.521,10 €
- 1 marquesiña en Ons: 3.236,75 €
- 1 marquesiña en Goiáns: 3.146,00 €

VALOR..... 9.903,85 €

7.13. PROTECCIÓN CIVIL.

- 1 microondas con gril Orbegozo: 75,00 €
- 1 deshumidificador Adams: 139,00 €
- 1 secadora de 8 kl.: 399,00 €
- Aire acondicionado portátil Daitsu, con bomba de calor: 399,00 €
- Sofá Redisgal: 690,00 €
- Colchón Traspome Silver: 330,00 €
- Somier Jalmar reforzado: 170,00 €
- Detector de gases con bomba: 1.506,45 €
- Motoserra MS 194T: 355,00 €
- Destrutora partículas Ideal: 459,80 €
- Lector de microchip FP-PET II: 223,73 €
- Portal para garaxe: 5.511,55 €
- Teléfono móvil SAMSUNG GALAXY A10 negro: 150,04 €

VALOR..... 10.408,57 €

7.20. SERVIZOS SOCIAIS

- Silla Apolo xiratoria: 193,60 €
- 100 sillas de visitantes para o auditorio: 4.477,00 €
- Proxector optoma FULL HD: 500,00 €

VALOR..... 5.170,60 €

7.21. PINTURAS

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa XIV ENCONTRO COA ARTE "Lembrando a Antón Fraguas" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2019:

Título: "Rostre I"
Autor: Alba Roqueta
Técnica: Grafito sobre papel

Medidas: 33 x 56 cm.
 Valor: 400 €

Título: "Rostre II"
 Autor: Alba Roqueta
 Técnica: Grafito sobre papel
 Medidas: 38 x 56 cm.
 Valor: 400 €

Título: "Sen título"
 Autor: Anton Sobral
 Técnica: Acrílico sobre lenzo"
 Medidas: 46 x 38 cm.
 Valor: 400 €

Título: "Reflexos"
 Autor: Beatriz Ansede
 Técnica: Mixta sobre táboa
 Medidas: 38 x 46 cm.
 Valor: 500 €

Título: "Carballeira de Santa Minia dende os bidueiros"
 Autor: Camilo Seira
 Técnica: Cortiza pintada
 Medidas: 48 x 26 cm.
 Valor: 400 €

Título: "Gorriombre abatido"
 Autor: Camilo Seiral
 Técnica: Acrílico sobre táboa
 Medidas: 38 x 46 cm.
 Valor: 800 €

Título: "Camafeo silvestre"
 Autor: Carmen Hermo
 Técnica: Mixta sobre lenzo-Diptico
 Medidas: 33 x 65 cm.
 Valor: 180 €

Título: "Sen título"
 Autor: Chelo Rodriguez
 Técnica: Oleo sobre lenzo
 Medidas: 60 x 50 cm.
 Valor: 1.000 €

Título: "Río Pego"
 Autor: Frutos Casado de Lucas
 Técnica: Acuarela
 Medidas: 36 x 51 cm.
 Valor: 700 €

Título: O Bosque azul
 Autor: Isabel Pintado
 Técnica: Mixta sobre lenzo
 Medidas: 70 x 70 cm.
 Valor: 700 €

Título: Brión
 Autor: Javier Del Valle
 Técnica: Rotulador (grafito) sobre taboa



Medidas: 46 x 38 cm.
Valor: 400 €

Título: "San Felix"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 80 x 60 cm.
Valor: 800 €

Título: "Reflejo"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 63 x 82 cm.
Valor: 800 €

Título: Fuente da Minia
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 33 cm.
Valor: 300 €

Título: Iglesia y Paseo
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela- Díptico
Medidas: 27 x 41cm.
Valor: 200 €

Título: O Pego
Autor: M^a Manuela y José Galarzo
Técnica: Acuarela- Díptico
Medidas: 43 x 30 cm.
Valor: 200 €

Título: "Río Pego"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acuarela
Medidas: 27 x 39 cm.
Valor: 400 €

Título: "Río Pego"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acuarela
Medidas: 27 x 39 cm.
Valor: 400 €

Título: "Brión"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acuarela
Medidas: 27 x 39 cm.
Valor: 400 €

Título: "Dende a miña fiestra"
Autor: María Manuela
Técnica: Acuarela
Medidas: 30 x 50 cm
Valor: 400 €

Título: "Recreo"
Autor: María Xesús Díaz
Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 60 x 72 cm.
Valor: 800 €

Título: "Homenaxe a Martín Codax"
Autor: Manuel Ayaso
Técnica: Mixta (Collage –Acuarela)
Medidas: 38 x 36 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Ponte de pedra no río Tinto"
Autor: Manuel Mendez
Técnica: Acuarela
Medidas: 39 x 39 cm.
Valor: 300 €

Título: "Altamira"
Autor: Manuel Mendez
Técnica: Acuarela
Medidas: 40 x 40 cm.
Valor: 300 €

Título: Camiño na neboa
Autor: Paco Casal
Técnica: Acrílico sobre taboa
Medidas: 46 x 38 cm.
Valor: 400 €

Título: "A ningures"
Autor: Rafael Arroyo
Técnica: Fotografía Papel baritado 330 gr
Medidas: 30 x 41 cm.
Valor: 150 €

Título: "Iglesia de Os Anxeles"
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 45 x 30 cm.
Valor: 300 €

Título: "Retrato de Ayaso"
Autor: Siro
Técnica: Lápiz de cor
Medidas: 32 x 41 cm.
Valor: 400 €

Título: Bos días
Autor: Tino Canicoba
Técnica: Talla em madeira
Medidas: 47 x 36 x 15 cm.
Valor: 1.200 €

Título: "Composición con ceramica azul"
Autor: Veiras Manteiga
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 61 x 50 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Ceramicas sobre mesa vermella "
Autor: Veiras Manteiga
Técnica: Técnica mixta sobre lenzo



Medidas: 60 x 81 cm.
Valor: 2.000 €

Título: Marisqueiras ou mariscando
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 55 x 46 cm.
Valor: 1.200 €

Título: Pintando no Pego
Autor: Xosé Vizoso
Técnica: Lápiz e rotuladores sobre papel
Medidas: 30 x 21 cm.
Valor: 200 €

VALOR.....19.030,00 €

7.23. EQUIPAMENTO DO LOCAL PARA COWORKING.

.- Equipo fotovoltaico: 11.828,96 €
.- Antena radioenlace (instalada na escola infantil): 370,26 €
.- Impresora multifunción MAXIFY MB 2150: 169,70 €

VALOR.....12.368,92 €

TOTAL ALTAS..... 988.743,45 €

BAIXAS

7010008. NA OFICINA DA POLICÍA LOCAL

.-4 radiadores.....1.452,00 €
.-3 transeptores portátiles de VHF vertex estándar VX-180.....726,97 €
.-1 impresoras lexmark A1320.....54,01 €

Total.....2.232,98€

7.03. NA ESCOLA DE MÚSICA

.- Instalación de proyector interactivo 175,45 €

Total 175,45 €

7010002.- NA SECRETARIA

.- Ordenador Intel Celerón (r) 3,46 GHz 960 MB de RAM 900,00 €

Total 900,00 €

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

.- Fax canon multifunción Pixma MX495..... 85,00 €

.- 1 monitores LG negros 108,90 €

.- Ordenador Pentium (r) IV 2.80 GHz 480 MB de RAM, Monitor TFT LG 17" 1.580,00 €

.- Ordenador Inves, Intel Pentium dual CPU E2160, 1.79 GHz, 200 GB de RAM..... 108,18 €

- 1 monitores LG negros	108,90 €
- Ordenador Hewlett-Packard, HP dx5150 MT, AMD Athlon(tm) 64x2, Core Processor 3800+ 997 MHz, 960 MB de RAM, Monitor TFT HP L1706 17" (eido local).....	900,00 €
- Control de accesos por impresión dixital	1.498,25 €
- Fotocopiadora Ricoh 55.....	968,00 €
- Fotocopiadora Ricoh 55 CPM	907,50 €
- Monitor Hanns-G.....	133,10 €
Total	6.397,83 €

7.08.- CASA DA CULTURA

- Ordenador Asus Intel Celeron CPU 3.46 GHZ, disco duro 1GB, lector DvD, diskettera, teclado, ratón e monitor TFT 17".....	806,20 €
- Ordenador Asus Vintage PE1: disco duro 120 GB, lector DVD, diskettera 3'5, teclado e rato, monitor TFT 17.....	700,00 €
Total	1.506,20 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.-

- 1 colchonetas sin decorar	122,85 €
- 1 moble estantería de 190x94x45 para colgar, dividido en cubos.....	326,70 €
- Moble estantería de 45x60x20 para colgar cun estante	60,50 €
- Moble estantería de 31,5x99,5x52 con tapa en melanina e un estante	78,65 €
- Sofá infantil.....	0,00 €
- 1 moble de 130x10x45 de dúas portas abatibles, estante extraíble na parte alta	308,55 €
- Solo de vinilo para baño	107,50 €
- 3 baldas de 198x33x3, con soportes ocultos	145,20 €
- 3 estores enrollables	57,38 €
- 1 lavadora.....	0,00 €
- 1 secadora.....	0,00 €
Total	1.207,33 €

7.07.- GARAXE - ALMACEN

- Soplador Stihl MS-170.....	551,65 €
Total	551,65 €

7.04. NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

- Expositor para revistas con tres estantes de 1300x1100 mm.	400,20 €
- 1 deshumidificador 20 l Orbegonzo.....	300,00 €
- 1 módulo de estanterías metálicas con laterais e baldas reforzadas	1.500,00 €
Total	2.200,20 €

7.08. NA CASA DA CULTURA.

- 3 estanteria laminadas 100x207x40. 54.200 pts.	325,75 €
- Equipo da aula de informática, instalado pola Deputación Provincial en 2002, que consta de 11 ordenadores conectados en rede, 11 mesas, 11 sillas	23.973,70 €
- Ordenador Hewlett - Packard, HP dx5150 MT, AMD Athlon(tm) 64x2, Core Processor 3800+ 997 MHz, 960 MB de RAM, Monitor TFT HP L1706 17"	1.000,00€

- Material doado pola Rede de Bibliotecas da Xunta de Galicia, 2008: 2 ordenadores en rede (Asus con monitor TFT17).....	1.200,00 €
Total	26.499,45 €

7.13. EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

- 3 talkies CT 180 eh. Adquiridos en 2001 por 140.000 pts.	841,42 €
- Equipo de osixenoterapia (8 aros salvavidas, 3 multisixenoterapia, adquirido en 2002 a Emergenci 2000.	0,00 €
- 9 Talkies	3.899,06 €
- 1 ordenador Asus vintage 3GHZ, 1GB Ram, disco duro 160 GB, lector DVD, disketera, teclado + rato, e monitor.....	806,20 €
- 1 emisora Vertex VX-2500 N/S	382,80 €
- 1 antena móbil CK-2 VHF:.....	34,80 €
- 17 Talkies	1.238,42 €
- 3 micro altavoces	231,41 €
- Bomba monofásica con placas rectangulares	882,76 €
- Disco duro externo	79,00 €
- Monitor LG 19"	222,64 €
- Colocación de portas de carballo	1.839,20 €

- Acordo da Consellería de Medio Rural asinado o 01/04/2016, para a cesión en propiedade ao grupo de emerxencias supramunicipal (GES) de dous equipos de protección individual contra a vespa velutina compostos de:

- 2 traxes de dobre capa abrandado composto por 65% poliéster e 35% algodón. Nos puños e nocellos presenta gomas para mellorar o axuste, na perna presenta un peto portaspray e nas costas dúas gomas que permiten portar un segundo spray. A cor e beige para minimizar a calor. Cremalleira frontal inxectada de dobre cursor e cubre cremalleira total con peche de velcro. Cintura axustable por goma e fibela rápida.
- 2 carapuchas de rexilla plástica que permite a visión periférica de 360º e a ventilación. Únese ao corpo a través dunha cremalleira con dobre separador.
- 2 cascos homologados axustables con viseira de policarbonato e reforzo de aluminio e protección da caluga.
- 2 pares luvas certificadas con interior de kevlar, unidos a manguitos de tecidos con goma elástica no seu extremo.
- 2 pares de polainas con gomas na súa parte superior e inferior e cunha terceira goma para suxeitalo no pé.

- Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias e o grupo de emerxencias supramunicipal (GES) asinado o 01/04/2016 para a cesión en propiedade de un equipo de protección individual contra a vespa velutina. O traxe estará composto polos seguintes elementos:

- Traxe de algodón transpirable.
- Carapucha fabricada en tecido resistente e transpirable con ventilacións, con cremalleira facial para poder instalar os visores, tanto de plástico como de rexilla. Cremalleira para instalar a carapucha ao traxe. Broches para axuste de carapucha ao casco.
- Casco ventilado.
- Visores para carapucha.
- Manguito téxtil, sistema de peche mediante cordón elástico e bloqueo de tanka para asegurar o peche.
- Luva fabricada en compoñentes moi resistente, conectable ao traxe mediante cremalleira e conectable ao manguito téxtil mediante cremalleira.

Total	10.457,71 €
--------------------	--------------------

7.02.- NO PAVILLON

- Máquina varredora BD550, con xogo de baterías 24 v e cargador. 947.198 pts.....	5.692,77 €
---	------------

.- Aspirador Karcher NT J61.ECOP. Adquirido en 2001 por 68.440 pts..... 411,33 €
 .- Altavoz 1.037,06 €
 Total 7.141,16 €

7.19.- EDIFICIO DE PIRAGÜISMO DE PONTE INSUA

.- 5 pas de fibra de vidro. 0,00 €
 Total 0,00 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2020

Altas no ano 2020	988.743,45 €
Baixas no ano 2020	59.269,96 €
Inventario a 31.12.2019	38.206.928,82 €
Inventario a 31.12.2020	39.136.402,31 €

2º) Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN DE MANCOMUNIDADE CO CONCELLO DE AMES PARA A XESTIÓN DA ETAP AMES - BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

Polas alcaldías dos concellos de Brión e Ames realizáronse reunións para ver a forma de xestionar a potabilizadora construída pola Xunta de Galicia e entregada aos concellos no ano 2016.

No ano 2018 os concellos asinaron un convenio de colaboración co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custos da xestión da ETAP Ames-Brión. O convenio ten un prazo de 4 anos dende a súa sinatura (27.12.2018) podendo prorrogarse por 4 anos máis de forma expresa. Este convenio foi aprobado polo Pleno en sesión do 17.10.2018.

Segundo informa o concello de Ames a Xunta de Galicia lle comunicou en decembro de 2020 que para autorizar a concesión da auga do río Tambre é preciso que se cree un organismo (mancomunidade ou consorcio) que será o titular da concesión e o responsable da mesma.

Considerouse como máis conveniente a creación dunha mancomunidade para a prestación en común do servizo de potabilizadora de auga potable.

Visto o informe de secretaría no que se sinala: De acordo co ordenado pola alcaldía mediante providencia de data 24.03.2021, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, en relación coa pretensión de constitución dunha mancomunidade entre os concellos de Ames e Brión ao obxecto da xestión conxunta da ETAP AMES-BRIÓN, emítase o seguinte INFORME XURÍDICO:

ANTECEDENTES.

1. A Xunta de Galicia executou a obra denominada: Abastecemento en Ames e Brión (1ª Fase) A Coruña”, expediente OH 215799. A participación de cada un dos dous concellos na construción das instalacións é do 67% para Ames e do 33% para Brión.

2. Trala entrega das anteditas instalacións por parte da Xunta de Galicia en marzo do ano 2016, o Concello de Ames solicitoulle a Augas de Galicia que tramitase a concesión administrativa de aproveitamento da auga que se capta procedente do río Tambre e a entidade autonómica requiriu daquela e reiterou en decembro do ano 2020 que é necesario que os dous concellos beneficiarios do aproveitamento constitúan unha entidade administrativa de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable á poboación -mancomunidade ou consorcio- á nome da que se outorgará a concesión e que será a responsable da xestión do servizo que se preste desde aquelas instalacións.

3. Entre tanto, no ano 2018 os concellos de Ames e Brión subscriben convenio de colaboración co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custos da xestión da ETAP Ames-Brión. O convenio ten un prazo de 4 anos dende a súa sinatura (27.12.2018) podendo prorrogarse por 4 anos máis de forma expresa. Este convenio foi aprobado polo Pleno en sesión do 17.10.2018.

NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o funcionamento do rexistro de entidades locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRO. Dereito a constituír unha mancomunidade.

O artigo 44.1 da LRBRL reconece aos concellos o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia. Nos mesmos termos se pronuncia o artigo da 135 da LALGA.

O servizo de abastecemento de auga potable é un servizo de competencia municipal (artigo 25.2.c da LRBRL) e de prestación obrigatoria (artigo 26.1ª LRBRL).

Polo tanto, a constitución dunha mancomunidade entre os concellos de Ames e Brión para a explotación da potabilizadora de auga potable Ames-Brión, é conforme ca normativa de réxime local.

SEGUNDO. Funcionamento da mancomunidade. Procedemento de constitución.

Tal e como recolle o artigo 44.2 da LRBRL as mancomunidades teñen personalidade xurídica propia así como capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

En relación o seu funcionamento o artigo 44.2 da LRBRL establece que o seu funcionamento será determinado nos seus estatutos os cales regularán o ámbito territorial, o obxecto, a competencia, órganos de goberno, recursos, duración e cantos outros extremos sexan necesarios para o seu funcionamento. En todo caso, os órganos de goberno serán representativos dos concellos mancomunados.

O artigo 44.3 da LRBRL regula o procedemento de elaboración de estatutos que é competencia autonómica pero respectando en todo caso as seguintes regras:

a) A elaboración corresponderá aos concelleiros da totalidade dos concellos promotores da mancomunidade, constituídos en asemblea.

b) A Deputación emitirá informe sobre o proxecto de estatutos.

c) Os Plenos de todos os concellos aproban os estatutos.

A normativa autonómica á que se remite o artigo 44.3 da LRBRL é a Lei galega de administración local de Galicia (LALGA).

O procedemento de constitución das mancomunidades se regula nos artigos 138 e seguintes da LALGA. O procedemento é o seguinte:

1. Os expedientes para a constitución de mancomunidades municipais, así como para a elaboración e subseguinte aprobación dos seus estatutos, iniciaranse cos acordos dos concellos promotores, que serán adoptados pola maioría absoluta do número legal de membros das Corporacións.

2. Mediante tales acordos cada concello designará un representante da Corporación que pasará a formar parte da Comisión Xestora, que terá a representación do grupo de municipios ata a definitiva constitución dos órganos de goberno da mancomunidade e que se encargará da tramitación do correspondente expediente.

3. De entre os membros da Comisión Xestora elixirase un presidente e actuará como secretario o do concello ó que pertenza dito presidente.

Artigo 139.

A elaboración dos estatutos, cuxo contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da presente Lei, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderá a unha asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito da mesma, sendo necesaria a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio.

Artigo 140.

1. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, por prazo dun mes, a informe da Deputación ou Deputacións Provinciais interesadas, entenderase favorable se neste prazo non fose emitido e exporase a información pública por período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

2. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, serán remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formular as observacións de legalidade, así como as suxestións e propostas que considere convenientes.

3. Se do informe a que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse as mesmas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión das mesmas. Tras esta nova reunión da asemblea decidirase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

Artigo 141.

1. Comunicada polo presidente á Comisión Xestora a emisión dos informes por parte da Deputación ou Deputacións Provinciais interesadas ou pola Consellería competente en materia de réxime local, ou transcorrido o prazo legal para iso sen que os mesmos fosen emitidos, os plenos de todos os concellos aprobarán, no prazo de dous meses, os estatutos. Os acordos requirirán o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros de cada unha das corporacións.

No acordo de aprobación designaranse os representantes legais de cada concello na mancomunidade, no número e condicións previstas nos estatutos e tendo en conta o pluralismo político existente nas corporacións locais.

2. O presidente da Comisión Xestora remitirá copia certificada dos acordos de aprobación definitiva dos estatutos e da constitución da mancomunidade de municipios á consellería competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no «Diario Oficial de Galicia».

3. Dentro do mes seguinte ao da publicación dos estatutos, o alcalde do municipio en que radique a sede da mancomunidade convocará a todos os representantes dos municipios mancomunados, ao obxecto de elixir aos órganos reitores e iniciar o funcionamento da mesma.

4. O presidente da mancomunidade comunicará á Administración Central do Estado e á Xunta de Galicia a constitución da nova entidade local para os efectos da súa inscrición nos Rexistros estatal e autonómico de entidades locais.

TERCEIRO. Contido dos estatutos das mancomunidades.

O artigo 142 da LALGA regula o contido dos estatutos establecendo que deberán conter, en todo caso, os seguintes datos:

- a) Os municipios que a integran.
- b) O obxecto e fins da mancomunidade.
- c) A denominación e o lugar onde radique a sede da mancomunidade.
- d) Os órganos de goberno, número e forma de designación dos representantes dos municipios asociados e a forma de nomear e revogar os administradores.
- e) Os recursos financeiros, as contribucións e compromisos, e os dereitos e deberes dos concellos asociados.
- f) Prazo de duración e supostos de disolución.
- g) As normas de funcionamento.
- h) A forma de liquidación.
- i) As relacións cos concellos interesados.

Os órganos de goberno serán representativos dos concellos que a integran debendo existir, en todo caso, a figura do presidente e do pleno da mancomunidade.

CUARTO. Órganos de goberno das mancomunidades.

Os órganos de goberno ou xuntas da mancomunidade estarán integrados por un presidente, un vicepresidente que o substitúa nas súas ausencias, e o número de vogais que sinalen os estatutos (artigo 145 da LALGA).

Os estatutos poderán prever, ademais, a existencia doutros órganos complementarios xa sexan de carácter activo, como a xunta de goberno local, ou de carácter consultivo como as comisións informativas, de especial interese cando sexan múltiples os servizos asumidos e xestionados.

O cargo de secretario ou secretario-interventor, así como os de interventor-tesoureiro, se existiren, deberán ser exercidos por funcionarios con habilitación de carácter nacional.

QUINTO. Inscrición da mancomunidade no rexistro de entidades locais.

De acordo co Real decreto 382/1986, de 10 de febreiro, no prazo dun mes desde a constitución do órgano de goberno da mancomunidade, deberase solicitar polo seu presidente a inscrición no rexistro de entidades locais. Isto deriva da condición de entidade local non territorial da mancomunidade (artigo 3.2 da LRBRL e artigo 2 da LALGA).

SEXTO. Esixencias de publicidade activa.

Durante todo o proceso, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da LPACAP s e na normativa vixente en materia de transparencia.

INFORME-PROPOSTA DE ACORDO:

1º) Aprobar a vontade do Concello de Brión de constituír unha mancomunidade co Concello de Ames coa finalidade de proceder á xestión común do seguinte servizo: ETAP Ames - Brión.

2º) Designar como representante municipal que debe formar parte da comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de estatutos e de tramitar o procedemento até a constitución dos órganos de goberno da mancomunidade ao alcalde do Concello de Brión, Pablo Lago Sanmartín.

3º) Facultar á alcaldía para a realización de cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ao abeiro das competencias desta alcaldía propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a vontade do Concello de Brión de constituír unha mancomunidade co Concello de Ames coa finalidade de proceder á xestión común do seguinte servizo: ETAP Ames - Brión.

2º) Designar como representante municipal que debe formar parte da comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de estatutos e de tramitar o procedemento até a constitución dos órganos de goberno da mancomunidade ao alcalde do Concello de Brión, Pablo Lago Sanmartín.

3º) Facultar á alcaldía para a realización de cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que parécenos interesante que se comparta servizos con concellos limítrofes, así por exemplo con Ames o punto limpo.

O Sr. Alcalde sinala que teño mañá unha reunión co Alcalde de Ames, e a ver se facemos un convenio para un punto limpo compartido ou doutro xeito, creo que sería importante.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.04.2021, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2021, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Vista a existencia de gastos por asistencia a tribunais para a selección de varias prazas, que non puideron ser liquidadas no exercicio correspondente.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 10 de febreiro de 2021, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas

correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de VINTE E OITO MIL TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (28.031,54 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2021/7

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2021/330	06/02/2021	76,82	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000317346; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (VICESO) 9701 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/331	06/02/2021	89,04	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000317377; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (VICESO) 9700 CC ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/332	06/02/2021	78,52	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000318125; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOUTO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/333	06/02/2021	205,06	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000318721; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/334	06/02/2021	70,08	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000318729; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALFONSIN 9700 ALPUB - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/335	06/02/2021	118,99	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000320124; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO 9700 ALPUBL - PERIODO 02.12.2020 A 03.01.2021	2021 165 22100
F/2021/336	06/02/2021	111,38	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000320439; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE CARBALLO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/337	06/02/2021	94,69	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000321121; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ESTRAR 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/338	06/02/2021	29,43	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000327961; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/QUINTANS 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
